




REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 31/03/2017 11:41:24

ENTRADA 6920 / RX 825958



Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural  
Consellería de Medio Ambiente e  
Ordenación do Territorio  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación de SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

## EXPÓN:

1. Que SGHN desexa poñer de manifesto a súa inquedanza polas noticias nos medios de comunicación que recollen a opinión dos colectivos de pescadores sobre o suposto impacto dos corvos mariños grandes (*Phalacrocorax carbo*) sobre as poboacións piscícolas dos ríos.
2. Que a SGHN preocúpalle especialmente a visión simplificada, e semella que interesada do colectivo de pescadores, que centra o problema da situación da biodiversidade dos ríos nun único factor que é, cando menos, moi discutible sen a existencia de datos contrastados e validados e sen unha mínima referencia a outros graves problemas ambientais dos ríos galegos, entre os que cabe salientar:
  - a. Introducción de especies exóticas invasoras, feitas deliberadamente polo propio colectivo de pescadores (black bass, carpas, caranguexo vermello americano...) ou debidas a escapes ou soltas derivados de outras actividades (visión americano).
  - b. Estado das augas tanto cuantitativo como cualitativo por depuración deficiente das augas residuais urbanas e industriais, sobreexplotación por regadíos, etc.
  - c. Efecto barreira das infraestruturas (nomeadamente encoros) sobre determinadas especies.
  - d. Eliminación ou redución da vexetación acuática e ribeirega.
  - e. Danos por arrastres de finos procedentes de obras, minería e incendios.
  - f. Efectos das cinzas arrastradas dos terreos queimados sobre o pH e a concentración de metais pesados e hidrocarburos aromáticos policíclicos nas augas e nos sedimentos do leito.
  - g. Consecuencias do cambio climático.
  - h. Incidencia do número de pescadores e das capturas .

## SOLICITA:

Que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural teña en conta todos estes factores e que o tema se aborde nunha xuntanza do Observatorio Galego da Biodiversidade antes de realizar ningunha actuación destinada ao control da poboación dos dos corvos mariños grandes (*Phalacrocorax carbo*) como se realizou noutras comunidades.

En Santiago de Compostela, a 31 de marzo de 2017

O Presidente da SGHN


Serafín González Prieto